Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
LUNS, 2 DE NOVEMBRO DE 2026 | LUNES, 2 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 209

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Bases reguladoras da concesión de subvencións municipais para o transporte universitario/FP

ANUNCIO

Mediante acordo da Xunta de Goberno Local do día 26.10.2026 aprobáronse as Bases reguladoras da concesión de subvencións municipais para o transporte universitario/FP, cuxo texto se transcribe:

Bases reguladoras da concesión de subvencións municipais para o transporte universitario/FP

Expediente en TEDeC: 2026/A002/000006

Primeira: O obxecto das presentes bases é regular las normas que rexerán a concesión de axudas de transporte para alumnos matriculados en centros universitarios ou equivalentes, en ciclos formativos da formación profesional, bacharelato, ou outros cursos de formación ocupacional o profesional que habiliten para o desempeño dunha profesión o oficio, para o vixente curso académico, que efectúa o Concello de Neda, como acción de fomento destinada ás familias con escasos recursos económicos.

A convocatoria ds subvencións reguladas nestas bases efectuarase con cargo á aplicación orzamentaria 326.48003. O importe consignado para esta finalidade no orzamento do exercicio 2026 é de 2.000,00 €.

Segunda: Poderán solicitar estas axudas aqueles que reúnan os seguintes requisitos:

1) Estar empadroado no Concello de Neda cunha antelación mínima de seis meses.

2) Estar ó corrente no pago dos tributos municipais, no intre de presenta-la solicitude, salvo que se reúnan os requisitos para ser beneficiario de subvencións de integración social.

3) Estar matriculado para o vixente curso académico nun centro universitario ou equivalente, ou en ciclos formativos da formación profesional, bacharelato ou en cursos de formación ocupacional o profesional dependendo da modalidade de axuda.

4) Pertencer a unha unidade familiar no caso das axudas para transporte de estudantes cunha renda per cápita mensual non superior ao 1,5% IPREM.

Enténdese como renda per cápita mensual a suma dos ingresos anuais obtidos por todos os membros que conforman a unidade familiar, dividido polo número de membros da unidade familiar.

Terceira: As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello acompañadas dos seguintes documentos:

a. Fotocopia compulsada do DNI do solicitante e dos alumnos beneficiarios.

b. Fotocopia compulsada do libro de familia e/ou título de familia numerosa en caso de telo.

c. Fotocopia compulsada do resgardo da matrícula do vixente curso escolar.

d. Fotocopia compulsada da renda do exercicio anterior ao da convocatoria.

e. Certificado de empadroamento no Concello de Neda.

f. Xustificantes de ingresos económicos da unidade familiar maiores de 18 anos, segundo o caso: fotocopia da última declaración da renda, nóminas, certificación do organismo competente (INEM, Xunta, Seguridade Social.) se recibise algunha prestación o pensión (RISGA, PNC, viudedade, orfandade, xubilación,..), xustificantes de pensións, certificado de empresa, etc. A renda familiar deberá ser acreditada por todos os membros que figuren empadroados e residan no mesmo enderezo e que obteñan ou non ingresos de calquera natureza.

g. Fotocopia da última Declaración da Renda ou, no caso de non ter obriga de presentala, certificado negativo da Administración de Facenda cos datos fiscais de todos/as os/as convivintes maiores de 18 anos, ou declaración xurada no mesmo senso e cos mesmos requisitos.

h. Declaración xurada de ingresos irregulares no modelo que se achega xunto ó modelo de solicitude.

Número de anuncio 2026/7003

i. Calquera outra documentación acreditativa de situacións declaradas polos solicitantes, tales como: separación ou divorcio, discapacidade ou minusvalía, carné de familia numerosa, etc.

En caso de non aportarse documentación acreditativa para el concepto de ingresos anuais, non poderá outorgarse puntuación. No caso de contradición nos datos sobre propiedades, situación económica e nivel de vida, solicitarase informe de signos externos de riqueza.

j. Declaración de outras axudas obtidas polo mesmo concepto, sen que en ningún caso o importe a subvencionar poda superar o gasto realizado. A omisión desta declaración cando exista determinará a exclusión da solicitude. En caso de ter solicitada beca o axuda o estudo, deberán presentar resolución da mesma no prazo de 15 días dende a súa concesión.

Cuarta: O prazo de presentación das solicitudes é de vinte días naturais, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Quinta: Logo da proposta do Concelleiro/a responsable, o órgano competente resolve o seu outorgamento, segundo o baremo seguinte:

BAREMO	
R.P.C./MES	**% axuda sobre coste transporte**
Inferior ao IPREM	90%
Entre IPREM e 1,5% IPREM	60%
Superior a 1,5% IPREM	30%

Sexta As axudas repartiranse entre os beneficiarios/as ata o límite do crédito orzamentario da aplicación presupostaria 326-48003, reducindo proporcionalmente as axudas concedidas no caso de que estas superen o importe do crédito orzamentario autorizado, e sen que en ningún caso o importe das axudas poda exceder da cantidade de 500 euros. No caso de empate eliminaranse aqueles que teñan unha renda per cápita anual que sexa maior.

Sétima: A resolución da concesión será notificada ó interesado no prazo de tres meses, unha vez expirado o prazo de presentación de solicitudes. A falta de resolución expresa producirá efectos desestimatorios, e contra a desestimación expresa ou presunta poderán formularse os recursos que procedan.

Oitava: Procederá o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de mora correspondentes dende o momento do pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos e cos requisitos establecidos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Para os casos non previstos nestas bases, aplicaranse as normas xerais que regulan as bases para a execución do orzamento xeral do Concello de Neda.

Segundo. Publicar estas bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, na web municipal e no taboleiro de anuncios do Concello.

Vila de Neda, 27 de outubro de 2026

O alcalde

Ángel Alvariño Saavedra

2026/7003

Número de anuncio 2026/7003